Os espazos abertos do centro educativo.

- Material didáctico:

Convencional:

Os apuntes e fichas elaborados polo departamento.

Material deportivo diverso propio de educación física e dos diferentes deportes. (Vease o apartado inventario do material).

Non convencional:

Material específico de deportes alternativos, expresión corporal e actividades na natureza (Vease o apartado inventario do material).

Materiais reciclados.

Material para a unidade didáctica de atletismo e beisbol recreativo (Vease o apartado inventario do material).

Outros materiais:

Material audiovisual: cintas de música e de vídeo, cámara de vídeo, televisión e vídeo, equipo de música, ordenador. (Vease o apartado inventario do material)

INVENTARIO DE MATERIAIS

- ¿ 1 xogo de conos
- ¿ 1 bombín
- ¿ 1 Radiocasette/CD
- ¿ 9 bancos suecos (2 en mal estado).
- ¿ 2 saltómetros
- ¿ 1 listón de goma
- ¿ 7 colchonetas delgadas
- ¿ 1 quitamedos
- ¿ 5 colchonetas de axuda para ximnasia
- ¿ 1 cinta métrica de 25 metros
- ¿ 1 plinton
- ¿ 1 potro
- ¿ 1 minitramp
- ¿ 1 trampolín
- ¿ 5 valas atletismo
- ¿ 1 báscula
- ¿ Material diverso para xogos populares (billarda, canicas, chapas, 1 soga gruesa, mariola¿)
- ¿ 3 indiacas en mal estado.
- ¿ 9 brúxulas
- ¿ 10 balizas para orientación
- ¿ 40 discos voladores
- ¿ 28 raquetas de bádminton
- ¿ Cordaxe para reparar as raquetas de bádminton
- ¿ 3 redes de bádminton
- ¿ 20 volantes de bádminton
- ¿ 7 balóns de baloncesto (algúns deteriorados)
- ¿ 8 balóns de voleibol (algúns algo deteriorados)
- ¿ 8 balóns de fútbol.(2 en mal estado)
- ¿ 6 balóns de balonman (3 algo deteriorados)
- ¿ 28 sticks de hockei de plástico (3 en mal estado).
- ¿ 14 bolas de hockei de plástico
- ¿ 3 balóns medicinais de 3 kg
- ¿ 2 balóns medicinais de 1 kg
- ¿ 12 bolas de tenis

- ¿ 1 bate de beisbol de goma.
- ¿ 1 corda de 10 metros
- ¿ 3 pulsómetros
- ¿ 7 espalderas dobres
- ¿ 2 taboleiros de baloncesto con aros e redes
- ¿ material funxible
- ¿ testigos para relevos de atletismo (reciclados)
- ¿ libros de texto y material didáctico impreso
- ¿ 1 ordenador de sobremesa.
- ¿ 1 ordenador portátil, 1 proxector e un carro para o seu traslado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A súa función é de diagnóstico. Preténdese obter información sobre a situación de partida do alumnado respecto daquelas cuestións que poden afectar ao seu proceso de aprendizaxe.

Temos que distinguir entre dous tipos de avaliacións iniciais, unha primeira máis xeral realizada a principio de curso, que servirá para detectar posibles problemas, que poderían levar a introducir modificacións na propia programación didáctica para o curso, e outra máis específica realizada antes de cada unidade didáctica, que nos aportará información sobre o nivel de competencia inicial en relación aos contidos a desenvolver, para adaptar así a UD.

AVALIACIÓN XERAL DE PRINCIPIO DE CURSO:

Para a realización da avaliación inicial utilizaranse algúns exercicios das primeiras sesións despois da presentación, aproveitando esa 1ª U.D. de repaso dos deportes practicados no curso anterior. Utilizarase unha folla de rexistro para anotar os resultados dalgunhas probas relacionadas coa coordinación, co manexo de móbiles, coas habilidades e destrezas básicas e coas capacidades físicas básicas.

Para este curso será a seguinte:

FOLLA DE REXISTRO DA AVALIACIÓN INICIAL:

ALUMNO: _____ CURSO: _____

Para cada habilidade motriz establécese unha escala de rexistro de 1 a 5 en función da perfección na súa execución, sendo 5 a máxima puntuación.

HABILIDADE MOTRIZ

É capaz de correr botando un balón sen perder o control coa súa man dominante:

É capaz de coller un balón de balonmán lanzado a diferentes alturas estando parado:

É capaz de realizar un pase preciso coas dúas mans utilizando un balón de baloncesto a outro compañeiro que se atopa a 10 metros:

É capaz de golpear co pé dominante un balón que vén en movemento:

É capaz de realizar unha voltereta cara adiante:

CAPACIDADES FÍSICAS:

Nº de abdominais en 30 segundos:

50 metros velocidade:

Como complemento da avaliación específica de EF, nas primeiras semanas de clase, realizarase a avaliación inicial conxunta da totalidade do alumnado de ESO, na que participará todo o profesorado e a xefa do departamento de orientación.

Nos primeiros días de curso, os alumnos/as de nova incorporación recibirán un cuestionario para que os seus pais o titores o completen e o devolvan a través do alumno/a, nel indicarán aspectos relacionados con enfermidades, alerxias, toma de medicacións, etc...:

EDUCACIÓN FÍSICA: CUESTIONARIO PARA OS PAIS:

Nome do alumno/a: _____

O alumno/a ten algunha alerxia que lle poida afectar nas clases de educación física:

SI NON (marque o que proceda)

En caso afirmativo, indique a alerxia e se necesario tomar algunha medida especial nas clases de educación física:

¿Ten algún problema que poida afectar ao normal desenvolvemento do alumno/a nas clases de educación física?:

Auditivo:

—

Respiratorio:

Visual:

—

Motriz:

—

Outros:

—

¿Ten algún tratamento médico ou farmacolóxico que poida afectar ao desenvolvemento normal do alumno/a nas clases de educación física?

SI NON (marque o que proceda)

E n c a s o a f i r m a t i v o , ¿ c a l é ? :

¿Autoriza ao alumno/a a saír do centro para realizar actividades relacionadas coa materia de Educación Física nun entorno próximo ao Centro Escolar?

SI NO (marque o que proceda)

Asdo.: _____

(nai, pai ou titor/a legal do alumno/a)

* Grazas pola súa colaboración: se desexa facer algunha aclaración máis, pódela facer no reverso da folla.

AVALIACIÓN INICIAL ANTES DE CADA UNIDADE DIDÁCTICA:

Desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, valorarase a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

A información obtida nas avaliacións iniciais permitirá adoptar decisións como:

- Modificar a programación didáctica.
- Revisar e adaptar a programación de aula ás características identificadas.

- Individualizar o ensino en función das características particulares constatadas e as posibilidades reais e materiais.
- Etc...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	25	5	15	15	10	15	5	100
Proba escrita	0	0	5	0	0	0	0	0	0	1
Táboa de indicadores	100	100	95	100	100	100	100	100	100	99

Criterios de cualificación:

Durante o curso haberán 3 avaliacións parciais e unha avaliación final, na primeira CCP do curso estableceranse as datas concretas, tendo en conta que a 3ª avaliación parcial e a final teñen que coincidir e realizarse a partir do 21 de xuño do 2024, último día lectivo.

A Programación Didáctica consta de 9 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 impartiranse na 1ª avaliación parcial cun peso total do 35 %; a 4, 5, e 6 impartiranse na 2ª avaliación parcial cun peso total do 35%, e a 7, 8 e 9 impartiranse na 3ª avaliación parcial cun peso total do 30%. No número de sesións asignado a cada UD contéplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma e ven indicado no apartado 3.1. desta programación.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo establecidos no apartado 3.3. desta programación.

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nunha porcentaxe global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre. No caso de recuperar algunha UD do mesmo trimestre antes de ter lugar a sesión de avaliación parcial trimestral, terase en conta a nova cualificación para o cálculo da nota desta. No caso de que o alumnado recuperara algunha UD pasada a avaliación trimestral, a cualificación da UD terase en conta para recalcular a nota final previa a avaliación final.

A cualificación da avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións finais obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., a avaliación parcial trimestral, ou a final do curso, o alumnado debe

acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Este alumno/a deberá de realizar un traballo escrito relacionado coa/s unidade/s didácticas nas que non fixo práctica, máis un exame de contidos teóricos relacionados con esta, sendo o 50% da nota o traballo e o outro 50% a do exame teórico.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UD non superadas: Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere a materia na avaliación parcial trimestral, xa que se aproba o trimestre, automaticamente darase por superada tamén.

Para recuperar a avaliación parcial: O alumnado deberá recuperar so as Ud non superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas. Poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas.

Para superar a avaliación final: O alumnado con algunha avaliación parcial non superada, realizará durante a última semana lectiva de clase actividades e/ou exames de recuperación, podendo ser probas escritas e/ou prácticas. Estas probas estarán deseñadas exclusivamente para recuperar as unidades didácticas non superadas da ou das avaliacións parciais suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede en 1º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta

que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaránselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de recuperación adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA		X	X		X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X		X	X	X	X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL						X	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL			X	X			X	
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X							
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO			X		X	X	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - CREATIVIDADE				X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X
ET.8 - CREATIVIDADE	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
RUTA DE SENDEIRISMO	Tipo de actividade: ruta de sendeirismo. Carácter: Presencial Título: ¿Sendeirismo pola Ruta das Carballeiras¿. Obxectivos: - Mellorar a convivencia entre os alumnos/as do centro. - Dar a coñecer as posibilidades que nos ofrece o entorno do centro para a realización de actividades físicas. - Concienciar da necesidade de realizar actividade física, como forma de mellora da saúde. - Respectar o medio natural Destinatarios: todo o alumnado de ESO. Duración: 3 horas. Temporalización: 3º trimestre. Datas por determinar. Localización: Ruta das Carballeiras, no Concello de Val do Dubra.			X
DÍA DA BICICLETA	Tipo de actividade: ruta cicloturista. Carácter: Presencial Título: ¿Día da bicicleta¿. Obxectivos: - Mellorar a convivencia entre os alumnos/as do centro. - Dar a coñecer as posibilidades que ofrece o entorno do centro para a realización de rutas en bicicleta - Fomentar a utilización de medios de transporte non contaminantes. - Concienciar da necesidade de realizar actividade física, como forma de mellora da saúde. - Respectar o medio natural. Destinatarios: todo o alumnado de ESO. Duración: 4 horas. Temporalización: 3º trimestre. Datas por determinar. Localización: concello de Val do Dubra.			X
CONVIVENCIA DEPORTIVA CO CPI VIAÑO PEQUENO	Tipo de actividade: xornada de competicións deportiva co alumnado dese centro.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE
Outros
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. Indicador: o 90% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral. Indicador: o 80% das UD axustáronse ao número de sesións programadas.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. Indicadores: o 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. Indicador: o 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase se o alumnado e as familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma. Indicador: a programación está publicada na páxina web desde principios de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	40
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	45
7.2. Actividades complementarias	46
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	50

1. Introducción

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e segundo a ORDE do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve dito Decreto, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO no centro educativo 15018203 - CPI de Bembibre.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 1º ESO como obrigatoria e conta cunha carga semanal de 2 sesións.

No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOF do CPI de Bembibre, o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 1 grupo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO cun número de 23 alumnos/as.

Ao iniciar o 1º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as esixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; ao longo da educación primaria desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade, empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuíría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. Neste primeiro curso, preténdese que o alumnado inicie a progresión na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade (70, 20 e 10 % respectivamente) considerando que cada un dos criterios de avaliación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do 15018203 - CPI de Bembibre.

Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para inutentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinabilidade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datos relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómic, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

O CPI de Bembibre é un Centro Público Integrado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Nel impártese docencia en Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

O CPI de Bembibre é un centro localizado nun medio rural na periferia de Santiago, cun alumnado reducido e cunhas características bastante homoxéneas social, económica e culturalmente. O alumnado procede na súa inmensa maioría do propio concello de Val do Dubra e nalgúns casos do concello limítrofe de Trazo e A Baña.

O centro adscrito é o CEIP Xacinto Amigo Lera, situado en Portomouro a uns 6 kms de distancia, no mesmo concello.

O concello ten 108 km² e a súa poboación é de 4.800 habitantes repartidos en 12 parroquias, sendo os dous núcleos principais Bembibre, onde se atopa a capital do concello e o centro, e Portomouro.

O nivel social e cultural das familias é de tipo medio ou medio baixo, ao tratarse dunha zona económica e socialmente non moi desenvolvida. A programación trata de dar resposta e de atallar a aplicación do currículo á realidade do alumnado do centro.

O número do alumnado matriculado nos cursos de ESO nos últimos anos está un pouco por debaixo de 100, que se reparten nas aulas de 1º ESO (1 grupo), 2º ESO (1 grupo), 3º ESO (2 grupos) e 4º ESO (1 grupo).

O centro de estudos conta asemade con aulas específicas para as materias de:

- Tecnoloxía
- Música
- Educación plástica e visual
- Informática
- Pedagogía terapéutica

Amais, o centro dispón:

- dun ximnasio
- dun laboratorio
- e dunha biblioteca con acceso a contidos audiovisuais.

No exterior das aulas, existen zonas deportivas para que o alumnado faga deporte ou xogue nas horas de recreo así como un patio cuberto e unha zona de xardín para os máis cativos. As devanditas instalacións deportivas coas que conta o centro son:

- 2 campos de fútbol
- 2 campos de voleibol
- 2 campos de baloncesto

A aula de informática conta con case 40 equipos que o alumnado pode usar sempre en compañía dalgún profesor ou profesora do centro. Todos os equipos informáticos contan con conexión a Internet e en todo o recinto hai conexión á rede sen fíos a disposición dos usuarios e usuarias que dispoñan de wifi.

O alumnado do CPI de Bembibre ten xornada lectiva mixta, comezando as clases ás 9:15 e rematando ás 14:50. Hai comedor escolar e tamén clases pola tarde, ata as 16:15 os luns e martes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1 - Mes copains et moi	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Saluer et prendre congé. Se présenter / Présenter quelqu'un. Décrire des personnes: le caractère.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: Les mots interrogatifs: QUI, COMMENT, QUELLE, OÙ, QUAND, QUOI. Les pronoms sujets. Le verbe S'APPELER, ÊTRE Les présentatifs VOICI, C'EST, CE SONT. Les articles indéfinis. Le féminin des adjectifs. Le pluriel des noms et des adjectifs.</p> <p>LEXIQUE Le collège. Les personne de l'entourage des collégiens. Les adjectifs pour décrire le caractère. Les couleurs. Les nouvelles technologies.</p> <p>DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: La carte de France Les pays frontaliers Les mers et océans bordant les côtes françaises. Les villes françaises et leur attrait touristique. La France en chiffres.</p>	10	10	X		
2	UD2 - Je customise	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Parler de ses affaires personnelles. Demander et dire une date. Demander et dire l'âge, Parler de ses goûts.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: Les verbes en -ER. Les articles définis. Le pluriel des noms. ON = NOUS La forme négative. Le verbe AVOIR. Les pronoms toniques. IL Y A ...</p> <p>LEXIQUE: Le matériel scolaire.</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UD2 - Je customise	<p>Les couleurs (révision) Les mois de l'année. Les nombres de 0 à 69. Les activités de loisir.</p> <p>DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: La bande dessinée Astérix. Les habitudes langagières des Français: l'usage des anglicismes.</p>	10	10	X		
3	UD3 - Au collège	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Parler de ses activités scolaires. Demander et dire l'heure. Décrire un emploi du temps. Exprimer la possession.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: L'adjectif interrogatif QUEL. Les verbes FAIRE, LIRE et ÉCRIRE. Les verbes en -ER (révision). Les adjectifs possessifs. La possession avec À + pronom tonique.</p> <p>LEXIQUE: Les matières scolaires. Les jours de la semaine. Les mots et expressions pour dire l'heure. Le vocabulaire relatif au collège. Le matériel scolaire (révision).</p> <p>DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: Le collège en France. La langue des ados.</p>	15	12		X	
4	UD4 - En famille!	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Parler de sa famille. Décrire des personnes. Demander et dire où on va.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: Les articles indéfinis à la forme négative: J'ai une soeur > Je n'ai pas de soeur. Le féminin des adjectifs. Le pluriel des adjectifs. Le verbe ALLER au présent. Les articles contractés: AU, AUX. La préposition CHEZ.</p> <p>LEXIQUE: Les membres de la famille. Les parties du corps. La description physique. Quelques noms de lieux. Les animaux de compagnie: noms et parties du corps.</p>	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UD4 - En famille!	<p>DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: La famille recomposée en France. Les animaux de compagnie et les NAC. La SPA.</p>	15	12		X	
5	UD5 - En ville.	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Se déplacer en ville. Indiquer un itinéraire. Demander et dire la profession. Décrire des professions.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: Le verbe ALLER À / En + moyen de transport. Les connecteurs temporels: D'ABORD, ENSUITE, ENFIN. Le verbe PRENDRE au présent. L'impératif présent (TU, VOUS)</p> <p>LEXIQUE: Les moyens de transport. La ville: commerces, lieux et infrastructure. Les indications spatiales: verbes et prépositions. Les nombres ordinaux.</p> <p>DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: La ville de Paris. La ville de Bordeaux. L'utilisation du tutoiement et du vouvoiement en France. L'addiction aux écrans: nocivité et solutions alternatives pour s'en détacher.</p>	25	13			X
6	UD6 - Mes copains et mes copines!	<p>CONTENUS COMMUNICATIFS: Parler de la nature et du temps qu'il fait. Parler de ses loisirs. Parler de ses projets. Situer dans l'espace.</p> <p>STRUCTURES SYNTAXIQUES: FAIRE + DU, DE LA, DE L', DE + activité Les articles contractés: DU, DES Le futur proche. EN / AU + saison L'interrogatif OÙ Le verbe HABITER À / EN.</p> <p>LEXIQUE: La nature Les saisons. Les nombres de 70 à 100. Les expressions de temps. Les activités de loisir. Les prépositions de lieu. La météorologie.</p>	25	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UD6 - Mes copains et mes copines!	DIMENSION SOCIALE ET CULTURELLE: La carte des départements français. La biodiversité en France. Le climat de certains départements d'outre-mer. La mappemonde et les cinq continents. La francophonie / La Francophonie. Quelques grands noms de la littérature internationale.	25	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1 - Mes copains et moi	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental.		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.	PE	35
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples.	TI	65
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia dalgunhas das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
As situacións de aprendizaxe son tarefas de varias fases creadas cun obxectivo claro nas que os alumnos traballan en colaboración para resolver un reto cun contexto da vida real. Permiten ao alumnado levar a súa aprendizaxe de idiomas fóra da aula, achegar as súas propias ideas e coñecementos e participar nunha investigación independente. As situacións de aprendizaxe son un dos elementos clave da aprendizaxe baseada en competencias, xa que reúnen unha serie de habilidades como o traballo social e colaborativo, as competencias dixitais e a propia creatividade e iniciativa dos estudantes.

On Track ofrece na sección Options do Student's Book unha metodoloxía de proxectos, unha forma de aprendizaxe centrada no alumno que implica que este explore e tente resolver problemas da vida real. A aprendizaxe baseada en proxectos é un vehículo importante para o desenvolvemento de competencias globais para o século XXI, incluídas as competencias dixitais.

On Track ofrece un proxecto cada dúas unidades, motivando aos estudantes para traballar xuntos cara a un obxectivo común e a aprender a linguaxe e as habilidades para aplicarlas en situacións de aprendizaxe a través do traballo nos proxectos propostos. Para resolver estas situacións de aprendizaxe, os alumnos terán que aplicar os coñecementos e habilidades que adquiriron. Tamén terán que ser

- analíticos: buscando e analizando información, comprobando a veracidade e fiabilidade da mesma.

- críticos: cuestionando as súas ideas iniciais, reconsiderando novas perspectivas, debatendo e comparando opinións.

- creativo: buscar solucións orixinais, ter iniciativa e flexibilidade, mostrar interese por traballar na tarefa.

Cada proxecto ou situación de aprendizaxe foi coidadosamente deseñado, tendo en conta a idade, o nivel e os intereses dos alumnos. Tanto os obxectivos que se perseguen como os escenarios nos que se desenvolven son de temática variada para abarcar os diferentes ámbitos da vida dos alumnos tanto actuais como futuros.

Os proxectos permiten que o alumnado desenvolva habilidades globais e aplique o pensamento crítico mentres toman decisións, dan retroalimentación e resollen problemas, preparándoos para o éxito no futuro. As actividades de mediación en todo o Student's Book facilitan a comunicación e melloran a comprensión.

Os alumnos e alumnas definen a dirección do seu traballo por proxectos, creando proxectos únicos moldeados polos seus propios valores, intereses e habilidades creativas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia (Actividades diversas que se traballarán ben na aula tradicional ou na aula virtual)
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua (Versión dixital do Student's Book e Workbook con exercicios interactivos e puntuación automática que inclúe todos os vídeos e audios. O Workbook dixital inclúe tamén acceso ao Active Learning Kit dixital.)
Manual da editorial (O libro de texto utilizado é On Track de Oxford University Press. O alumno dispón do Student's Book coa seguinte estrutura: -1 unidade de repaso e 8 unidades principais. -12 leccións Culture e CLIL con vídeos documentais - 2 leccións de Literature - 4 situacións de aprendizaxe - Language summary para cada unidade que recolle os bloques de vocabulario, as estruturas gramaticais e a lingua x e f u n c i o n a l . - 2-page Irregular verbs list Tamén dispón do Workbook, coa seguinte estrutura: - 2 páxinas de repaso na lección Refresh your memory. - 8 unidades de práctica para cada unidade do Student's Book. - 8 unidades Essential de práctica para cada unidade do Student's Book. -
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA (YouTube, WordReference, WordArt, Blogger, etc)
Equipos informáticos (Ordenador) e grabadora de son.

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dunha proba de nivel.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas de curso. Farase unha proba escrita de diagnóstico baseado en coñecementos previos. Nesta proba trataremos de captar as competencias clave e deseñáremola en base aos estándares de aprendizaxe dos que pretendemos partir. Ademais debe contemplar tamén a súa adecuación aos 5 bloques nos que se divide a nosa materia. Canto ao modelo da avaliación inicial, no Departamento, emprégase un tipo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados polo docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e consta, basicamente, de:

avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión oral e escrita e actividades para avaliar a expresión escrita a través dunha redacción e duns exercicios sobre contidos impartidos nos cursos anteriores tanto a nivel de vocabulario coma de gramática.

A avaliación inicial ten unha importancia fundamental. Esta avaliación permítenos detectar alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que precisan dunha atención especial así como valorala disposición emotiva do alumno cara á materia.

Normalmente ó realizar a avaliación aparécennos tres niveis máis ou menos claramente delimitados, de competencia lingüística en inglés: o standard, o elevado e o inferior. O noso traballo é atender a todos por igual, como xa dicíamos no apartado de atención á diversidade.

Unha vez feita esta avaliación inicial o Departamento de Orientación convoca o profesorado de cada curso, para levar a cabo unha sesión de avaliación inicial: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc. Estas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas. É aquí onde se decide tomar as medidas oportunas : ACS, Actividades de reforzo e Actividades de ampliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	10	10	25	25	100
Proba escrita	50	40	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	60	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 35%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 35%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita/ Rúbricas/guía de corrección.

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo de obter a cualificación final calculando a media ponderada dos tres trimestres, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.

3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual							X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde				X				
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X			X		X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico							X	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

O emprendemento tamén se traballa xa que se fomenta o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación. Aléntase aos alumnos para adoptar procedementos que lles permitan utilizar as súas propias iniciativas e habilidades de toma de decisións durante a planificación, organización e xestión do seu traballo. Esta experiencia equivale a unha habilidade transferible que se pode utilizar tanto en contextos sociais como comerciais. As tarefas que requiren que os alumnos traballen en parellas ou en pequenos grupos, ou que realicen proxectos curtos ou situacións de aprendizaxe, requiren cooperación, flexibilidade e xestión do tempo.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade estarán presentes ó longo de todo o curso. A educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre: Halloween: Facts and games	Charla, concurso de relatos e xogos .O obxectivo desta actividade é coñecer a orixe da celebración e costumes típicos da mesma.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre: Merry Christmas!	Celebración do Nadal. O obxectivo desta actividade é coñecer costumes típicas da celebración do Nadal en países anglófonos			
2º Trimestre: Will you be my valentine?	Concurso de tarxetas de San Valentín. O obxectivo desta actividade é mellorar a comprensión e expresión escrita.			
3º Trimestre: Easter Egg Hunt	Xogo. O obxectivo desta actividade é oñecer esta costume e mellorar a comprensión oral e escrita .			
3º Trimestre: Teatro	Obra por determinar dependendo da dispoñibilidade. O obxectivo desta actividade é mellorar a comprensión oral e coñecer e valorar manifestacións artísticas en lingua inglesa.			

Observacións:

Ademais teranse en conta outras propostas que poidan xurdir ó longo do curso e que sexan interesantes para o ensino do inglés, como conferencias ou actividades organizadas polas editoriais.

O departamento de inglés tamén colaborará nas actividades programadas polo Departamento de Actividades Extraescolares do centro (Magosto, Nadal, Entroido, Semana Cultural...).

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

1. Organización do final de curso 2022-2023

A Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia modificou, dun lado, os números 2 e 3 do artigo 10 e o número 1 do artigo 12 da Orde do 20 de maio de 2022 e, doutro lado, o número 8 do artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022. Polo tanto:

As actividades lectivas nas ensinanzas de ESO realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2023.

A sesión de avaliación final do alumnado da ESO deberá realizarse a partir do 22 de xuño de 2023 e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- A Torre de Babel: unidade na que analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro.
- Comunicando: centrada no estudo do proceso comunicativo e a incidencia dos seus elementos na interpretación das mensaxes orais e escritas.
- Tu risa me hace libre: esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.
- O misterio das palabras: esta unidade trata de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación e de apreciar o que moitos escritores souberon facer con el.
- Cóntame un conto: unidade centrada na narración oral do conto nas súas diversas modalidades, tradicional e literaria.
- Vivindo una realidad capturada por las palabras: esta unidade está dedicada ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático.
- Escribir a natureza: Este proxecto céntrase na descrición da natureza máis próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca.
- Atrapados na rede: Nesta unidade, abordaremos a xestión adecuada da información a través da análise crítica das mensaxes aparecidas nos medios de comunicación.
- Hay arroyos poetas y voces interiores: Nesta unidade, analizaremos algúns dos tópicos máis relevantes da literatura española.

Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

Cómpre engadir que no CPI de Bembibre case a totalidade dos alumnos non emprega na vida diaria o castelá, polo que será de especial importancia fomentar a expresión oral en castelá durante as sesións da materia así como traballar para a eliminación das interferencias lingüísticas que se poidan producir da convivencia entre as dúas linguas cooficiais da nosa comunidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingüística	Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos.	10	6	X		
2	Medios de comunicación	Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.	10	12	X		
3	Novas tecnoloxías	Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Novas tecnoloxías	internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.	10	12	X		
4	Morfoloxía e semántica	Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta unidade: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.	20	21		X	
5	Tipoloxías textuais I	Este proxecto céntrase na descrición da natureza máis próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca. Tomando como modelo algúns clásicos literarios, o alumnado elaborará por grupos as súas propias propostas e terá que presentalas na clase. En colaboración co departamento de Ciencias naturais, prepararanse fichas técnicas e herbarios para un coñecemento máis exhaustivo da nosa contorna. Os diferentes tipos de plantas tamén poderán debuxarse baixo a coordinación do departamento de Artes plásticas.	10	12		X	
6	Tipoloxías textuais II	A narración é o tipo de textos que xerou máis análises desde os antigos retóricos ata a actualidade. E non é estraño: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañannos desde os contos na nenez ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.	10	12		X	
7	Introdución á literatura I	Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construción dunha identidade lectora sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas e formas estéticas. Dedicaremos, por tanto, esta unidade ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático, para poder realizar na	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Introdución á literatura I	seguinte unidade literaria unha actividade transversal que aborde a evolución dos mesmos a través do tratamento dos principais tópicos literarios. Na presente unidade, exporase a importancia do xénero narrativo como unha forma de comunicación interxeracional e o modo discursivo ficcional fundamental na tradición literaria de todas as culturas; a relevancia da poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico; e a preeminencia do teatro, vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal.	10	10			X
8	Introdución á literatura II	A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Pero, para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introdutoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na recepción como unha característica fundamental da linguaxe literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Neste sentido, a creación dun obradoiro de lectura na aula favorece o establecemento das conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas á actualidade do alumnado, así como o achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria, incluíndo formatos multimedia.	10	10			X
9	Introdución á literatura III	Dedicaremos esta unidade ao estudo dalgúns dos tópicos máis relevantes da literatura española (carpe diem; collige, virgo, rosas; beatus ille; locus amoenus; tempus fugit; ubi sunt?) para realizar a continuación unha antoloxía multimedia que conteña os textos máis representativos que teñan cultivado os ditos universais temáticos, acompañados de imaxes, arquivos sonoros e vídeos explicativos sobre a natureza de cada tópico, para finalizar co recitado e coloquio en clase sobre a formulación dos mesmos nos diferentes textos.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingüística	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán.	PE	100
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.

UD	Título da UD	Duración
2	Medios de comunicación	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais.	PE	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos narrativos e descritivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
 - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
 - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
 - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
 - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Novas tecnoloxías	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais propios dos medios de comunicación e das redes sociais.	PE	100
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder adecuadamente a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto dos medios de comunicación e a súa información máis importante.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado terá que detectar, como mínimo, a linguaxe sexista nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos dos medios de comunicación utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que identificar as ideas principais de textos alleos e ser quen de aportar o seu punto de vista persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado será capaz de producir textos adecuados de diferentes tipoloxías textuais, cunha ortografía correcta, co vocabulario apropiado, e cunha organización lóxica e coherente das ideas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Morfoloxía e semántica	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.	PE	100
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos para a correcta organización do contido.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descritivos.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	Tipoloxías textuais I	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos descritivos orais e multimodais.	PE	100
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto descritivo e a súa información máis importante.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	Para a elaboración do herbario, o alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se documenta sobre a información técnica das flores e das plantas.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Todo o alumnado deberá participar activamente nas distintas fases de elaboración do herbario: selección das flores e plantas, procura de información técnica e elaboración da descrición.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos descritivos escritos nos que representen de maneira organizada o aspecto dunha persoa, planta, animal, paisaxe ou obxecto.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	No casos dos textos descritivos, o alumnado ten que revisar con especial atención o uso correcto, adecuado e preciso de substantivos e adxectivos.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	No herbario avaliarase a adecuación (registro), o respecto polas convencións da tipoloxía textual descritiva, a ortografía, a presentación, a elección correcta do léxico e a organización das ideas.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	É imprescindible que o alumnado participe nas actividades en grupo con actitudes de respecto e tolerancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Na elaboración do herbario, o alumnado ten que aplicar correctamente os coñecementos previos, discriminar a información útil, organizala de forma crítica e presentala cunha perspectiva persoal.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Na elaboración dos textos descritivos, o alumnado deberá aplicar os coñecementos adquiridos sobre substantivos e adxectivos para revisar as creacións propias e solucionar problemas de comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
6	Tipoloxías textuais II	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos narrativos orais e multimodais.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante.		
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos narrativos orais con fluidez utilizando o rexistro adecuado.	PE	100
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos narrativos escritos nos que presenten os sucesos de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Como mínimo, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias, buscará as palabras máis eficaces e organizará o contido adecuadamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios coa axuda do dicionario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
7	Introdución á literatura I	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria dos xéneros narrativo, lírico e dramático, respectando as súas características principais.	PE	100
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria, especialmente na poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar os tópicos e os xéneros literarios, así como localizar os principais recursos expresivos empregados.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	En textos sinxelos, o alumnado deberá diferenciar de maneira argumentada os xéneros literarios, mediante unha lectura comparada que atenda á evolución dos temas e formas estéticas.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de tópicos literarios e estruturas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. <ul style="list-style-type: none"> - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

UD	Título da UD	Duración
8	Introdución á literatura II	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta os problemas detectados e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.	PE	100
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	Introdución á literatura III	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.	PE	100
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar os tópicos literarios e localizar os principais recursos expresivos empregados.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Como mínimo, cada alumno ou alumna contribuirá con dous textos á antoloxía multimedia que conteña os textos máis representativos sobre os universais temáticos traballados.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Cada alumno ou alumna recitará como mínimo un texto e xustificará a súa elección a partir da súa propia experiencia biográfica e lectora.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar os tópicos literarios, mediante unha lectura comparada que atenda á evolución dos temas e formas estéticas.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de tópicos literarios e estruturas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acoillida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensan as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais,

booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Diccionario da Real Academia Galega, para traballar as interferencias lingüísticas

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de clase, haberá unha proba (escrita/oral) que recabará datos para a avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	20	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Deseguido indícanse as porcentaxes que serán aplicadas para calcular a nota numérica de cada avaliación:

- 80% para o/s exame/s dos contidos recollidos no currículo (e presentes no libro de texto)
- 10% para a proba/s sobre o libro de lectura (1ª avaliación: “Mi corazón en una caja de zapatos” de Sonia Mirón ; 2ª avaliación “Marina” de Carlos Ruiz Zafón; e 3ª avaliación “Boy, relatos de la infancia” de Roald Dalh).
- 10% participación na aula e traballos voluntarios

O alumnado superará a materia sempre e cando a media aritmética do trimestre sexa superior a 5. A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe

significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade nas súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

este curso non hai ACIs. As necesidades que poidan ir presentando os alumnos/as de que precisan reforzo educativo serán atendidas conxuntamente tanto pola docente da materia como polo especialista de pedagogía terapéutica, sempre coa guía do orientador/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X						X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación cívica e en valores	X	X						X
ET.6 - Educación para a saúde				X		X	X	
ET.7 - Formación estética			X		X			

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.3 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.5 - Educación cívica e en valores	
ET.6 - Educación para a saúde	
ET.7 - Formación estética	X

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X		
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.		X	
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.		X	
Creación de historias, utilizando ferramentas dixitais	Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiren competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para abordar valores como a empatía e a autoestima.			X
Asistencia a unha obra de teatro	De ser posible, desprazamento a unha función que haxa en Santiago de Compostela			X
Asistencia como público/visionado dun debate académico:	O alumnado da materia xulgará, mediante rúbrica, o debate realizado polos compañeiros da materia de oratoria			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente

xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	42

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO da editorial Anaya os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas. Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa. Así, o fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

As situacións de aprendizaxe integran os elementos curriculares mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Neste libro, o perfil de saída que o alumnado ha de ter ao acabar o ensino básico vese favorecido polo desenvolvemento dunha metodoloxía que o recoñece como axente da súa aprendizaxe. Ademais, impleméntase ao inicio de cada trimestre unha proposta pedagóxica que, a partir do seus centros de interese, lles permite construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde a súa aprendizaxe e a súa experiencia. Por outra banda preténdese que os estudantes aumenten o seu caudal léxico a medida que avanza o curso. Ademais, plantéxase de xeito paralelo a creación dun glosario dixital colaborativo. O libro do alumnado presenta a situación de aprendizaxe ao inicio de cada trimestre, con explicacións sobre o desafío que propón e a secuencia de actividades relacionada con cada unidade, e unha dobre páxina onde se revisan os fitos conseguidos, se propón a difusión do desafío e se especifican as rúbricas que o alumnado pode serguir para autoavaliar o seu traballo. As diferentes situacións aplican as pautas do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) e traballan paralelamente con libro de texto e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que promove a ONU.

Por outra banda, os libros de lectura propostos para cada trimestre son os seguintes:

1. 1ª AVALIACIÓN: Riveiro, Breogán (2014): Tonecho de Rebordecho. (Vigo: Galaxia)
2. 2ª AVALIACIÓN: Fernández Paz, Agustín (1989): As flores radioactivas. (Vigo: Xerais).
3. 3ª AVALIACIÓN: Fariña, Anxo (2007): Os Megatoxos e o aprendiz de druída. (Vigo: Xerais).

Este curso só hai unha grupo de 1º de ESO cun total de 23 alumnos e alumnas, dos cales hai 1 alumno/a exentos de LG e 3 repetidores do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1. Salvar os océanos.	<p>Co lectura de «Unha visita inesperada», do libro Ardora (Beatriz Maceda) o alumnado ampliará o vocabulario sobre os animais e as infografía. Tamén afondará a través dos tipos de texto, da comprensión de textos orais, multimodais e escritos, interpretación e análise de textos, valoración e reflexión sobre as lecturas.</p> <p>En Obradoiro de comunicación (A infografía): a través do coñecemento dos textos literarios, dos subxéneros narrativos, dos teatrais, da lectura de textos narrativos, expositivos.</p> <p>O alumnado afondará en Gramática sobre o coñecemento da palabra, lexemas, morfemas, clases de palabras e en Ortografía practicarán o uso do alfabeto, dígrafos e sílabas.</p> <p>Integrará a situación de aprendizaxe «A túa lingua importa»</p> <p>A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.</p>	11	12	X		
2	Unidade 2. Os dereitos da infancia.	<p>Texto inicial: Os dereitos da infancia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: «O voo da augia», do libro O neno can (Fina Casalderrey/Francisco Castro) o alumnado ampliará o vocabulario sobre o corpo e a polisemia. Tamén afondará sobre os elementos dos textos narrativos e a súa estrutura. Obradoiro de comunicación (Microrrelato) - Bloque de Educación Literaria: a través do coñecemento de textos de Literatura popular, cantigas e refráns. - Bloque de Reflexión sobre a lingua <p>O alumnado afondará en Gramática sobre o coñecemento dos substantivos, xénero e número e en Ortografía practicarán as regras de acentuación e o uso do acento diacrítico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque as linguas e os seus falantes integrará a situación de aprendizaxe «A túa lingua importa» - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2. Os dereitos da infancia.		11	11	X		
3	Unidade 3. Auga, un ben escaso.	<ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «Amadou e Suki na sabana», do libro Palabras de auga (Marcos Calveiro) o alumnado ampliará o vocabulario sobre a forma de ser das persoas, coñecerá os principais recursos e tipos da descrición e asemade, creará un autorretrato. - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre as descricións empregando adxectivos para cualificar os substantivos. Nesta unidade coñecerán os tipos de adxectivos, os morfemas de xénero e número e tamén a súa gradación. - Bloque As linguas e os seus falantes: Reflexionarase sobre a diversidade lingüística no mundo e na Península Ibérica. - Bloque de Educación Literaria: a literatura popular, o conto de tradición oral. As lecturas de Carapuchiña vermella, Hansel e Gretel, A Bela Dormente... relaciónanse cos contos de tradición oral máis coñecidos. A partir das lecturas coñecerán as súas características. - Desafíos que deixan pegada. Lectura. - Reflexión. 	11	12	X		
4	Unidade 4. Pioneiras que abren camiño.	<p>Texto inicial: Pioneiras que aben camiño.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «Unha capitá de 15 anos», do libro Denébola a Roxa (Héctor Cajaraville) o alumnado ampliará o vocabulario sobre as profesións, a antonimia e os diferentes tipos de textos dialogados e as súas características, o diálogo no cómic, as marcas ortográficas do diálogo. Obradoiro de Comunicación (Mapa conceptual) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado en Gramática aprenderá os determinantes e as súas clases (artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos), en Ortografía as palabras con h e a diérese. - Bloque de Educación Literaria: A lenda será a literatura popular que se vai traballar coñecendo as súas características. Tamén se afondará sobre as liñas do tempo - Desafíos que deixan pegada. Lectura. - Reflexión. 	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Unidade 4. Pioneiras que abren camiño.		11	12		X	
5	Unidade 5. Consumo responsábel.	<p>Texto inicial: Consumo responsábel.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «A reciclaxe», o alumnado ampliará o vocabulario sobre a ecoloxía e afondará sobre a homonimia e os textos expositivos. Obradoiro de Comunicación (Exposición oral) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre os pronomes persoais e a súa colocación e en Ortografía o emprego correcto de b/v e a diferenciación do s/x na pronunciación e na escritura. - Bloque de Educación Literaria: A poesía lírica será a literatura que se vai traballar coñecendo as súas características. - Desafíos que deixan pegada. <p>Lectura.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión. 	11	11		X	
6	Unidade 6. Aquí sempre foi bosque.	<p>Texto inicial: Aquí sempre foi bosque.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «Baños de bosque, unha fonte de saúde» (A. Arnáiz, El Correo Gallego 5/10/2019) o alumnado ampliará o vocabulario sobre a natureza e a saúde e afondará sobre o campo semántico, a hiperonimia e as características dos textos xornalísticos. Obradoiro de Comunicación (Unha noticia, unha revista) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre os verbos e en Ortografía, a lusofonía. - Bloque de Educación Literaria: A versificación será a literatura que se vai traballar coñecendo a métrica e os tipos de estrofas. - Desafíos que deixan pegada. <p>Lectura.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión. 	11	12		X	
7	Unidade 7. Outro mundo é posíbel.	<p>Texto inicial: Outro mundo é posíbel.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «O diario de Alba. 12 de xullo» (As flores radioactivas, Agustín Fernández Paz) o alumnado ampliará o vocabulario sobre as actividades de lecer e afondará sobre os préstamos e as características dos textos da vida cotiá e das relacións sociais. Obradoiro de Comunicación (As emoticonas 	11	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Unidade 7. Outro mundo é posíbel.	ou emojis) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre as alternancias vocálicas nos verbos e en Ortografía as maiúsculas. - Bloque de Educación Literaria: os recursos estilísticos da poesía. - Desafíos que deixan pegada. Lectura. - Reflexión.	11	12			X
8	Unidade 8. As tradicións.	Texto inicial: Tradicións. - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «Un agasallo especial» (Escarlatina, a cociñeira defunta, Leticia Costas) o alumnado ampliará o vocabulario sobre o campo semántico dos alimentos e afondará sobre os estranxeirismos e como evitalos e as características dos textos prescriptivos. Obradoiro de Comunicación (O libro de receitas) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre os adverbios, as conxuncións e as interxeccións e en Ortografía os signos de puntuación. - Bloque de Educación Literaria: a obra dramática como espectáculo multidisciplinar. - Desafíos que deixan pegada. Lectura. - Reflexión.	11	11			X
9	Unidade 9. Heroínas	Texto inicial: Heroínas. - Bloque de Comunicación: a partir da lectura «A rapariga destemida» o alumnado ampliará o vocabulario sobre as pezas de roupa e afondará sobre os cambios semánticos das palabras e as características e os recursos iconográficos do cómic. Obradoiro de Comunicación (Banda deseñada) - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado afondará en Gramática sobre a sintaxe e os elementos fundamentais da oración. - Bloque Estudo da lingua. Lingua e sociedade: O alumnado reflexionará sobre o galego como lingua con futuro e a súa normalización - Bloque de Educación Literaria: Teatro (II), A representación teatral. - Desafíos que deixan pegada. Lectura.	12	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unidade 9. Heroínas	- Reflexión.	12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1. Salvar os océanos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	60
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos do texto.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve escrito da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado expresa a súa opinión sobre un poema da elección.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e/ou na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado recoñecerá a palabra, lexemas, morfemas, clases de palabras e en Ortografía practicarán o uso do alfabeto, dígrafos e sílabas.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.	TI	40
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2. Os dereitos da infancia.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e reconece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	75
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais narrativas (estrutura, tipos...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía narrativa, un texto narrativo.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1.4. - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar un sistema empregando mecanismos que resolva un problema proposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
7	Proxecto electricidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.5. - Coñecer os operadores eléctricos básicos, para deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os operadores eléctricos básicos.	PE	50
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	50
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións que resolvan un problema proposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1.6. - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Diseñar e fabricar un sistema empregando circuitos eléctricos que resolva un problema proposto.		
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
8	Programación	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Algorítmica e diagramas de fluxo. - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistemas de control e robots	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.	PE	20
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou robot sinxelo que resolva un problema proposto.	TI	80
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de contro ou robot.		
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos. - Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.

Contidos

- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador Abalar por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresora 3D.
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.

Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Aula virtual do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase a avaliación inicial coa intención de adecuar as ensinanzas e detectar dificultades de aprendizaxe. No primeiro mes de curso o Departamento de Orientación elabora un informe que nos pasa a nós coas dificultades e características dos alumnos con necesidades educativas (TDH, disgrafía, dislexia, lentitude na realización de probas,...). Con ese informe, a información obtida do profesor/a titor/a e as probas de avaliación inicial realizadas por este Departamento estamos en situación de actuar e adaptar

Temos dous tipos de probas:

-Preguntas e cuestións referidas a un problema tecnolóxico concreto pero que non é necesario ter coñecementos explícitos dos contidos. Soen ser problemas de tipo “inventa un dispositivo que faga evite que un coche de xoguete caia da mesa” ou “cómo farías que...”. Con este tipo de probas detéctanse dificultades nas competencias lingüísticas, matemática, social e cívica e iniciativa e espírito emprendedor.

-Test de contidos. Preguntas sinxelas do curso anterior que serven de repaso e de introducción ao novo curso. O test que se realiza é a avaliación extraordinaria de setembro do curso anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	2	15	3	10	10	18	12	18	12	100
Proba escrita	0	50	0	50	0	50	50	0	20	30
Táboa de indicadores	100	50	100	50	100	50	50	100	80	70

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

Como regra xeral todas as tarefas entregadas na AV contan para o cálculo da nota. O valor de cada tarefa varía segundo a dificultade da actividade. Emprégase a AV para avaliar e a nota media calcúlase a través da AV. Para incluír as probas escritas na AV créase unha tarefa co nome da proba escrita e sen que o alumnado teña que completar a tarefa da AV anótaselle nesa tarefa a nota da proba escrita.

As tarefas da AV faranse no tempo de clase co profesor diante. Se algún alumno/a quere facer e entregar unha tarefa na casa ten que avisar ao profesor que valorará a conveniencia de facela en casa.

UD 1. A TECNOLOXÍA

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.2, CA1.3, CA1.4

UD 2. DESEÑO E FABRICACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 30% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva. Instrumento de Avaliación: examen AV. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.2

UD 3. UTILIZACIÓN DAS TIC NO PROCESO TECNOLÓXICO

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.2, CA5.5, CA5.5

UD 4. PROXECTO ESTRUTURAS

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase na AV. Instrumento de Avaliación: tarefas na AV. Peso no total da UD:

30% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.2

UD 5. DOCUMENTACIÓN DE PROXECTOS

Procedemento de Avaliación: creación e comunicación de documentación técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.1, CA5.3

Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na primeira e na segunda avaliación, outorgando a metade do peso en cada unha delas.

UD 6. PROXECTO MECANISMOS

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV. Instrumento de Avaliación: tarefas na AV. Peso no total da UD: 30%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.4

UD 7. PROXECTO ELECTRICIDADE

Procedemento de Avaliación: tarefas na AV. Instrumento de Avaliación: tarefas na AV. Peso no total da UD: 30%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD:

20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.6

UD 8. PROGRAMACIÓN

Procedemento de Avaliación: entrega de tarefas . Instrumento de Avaliación: tarefas na AV. Peso no total da UD: 30%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.1

Procedemento de Avaliación: proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 70%

Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.2

UD 9. SISTEMAS DE CONTROL E ROBOTS

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba obxectiva na AV. Peso no total da UD:

20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase e proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD:

80% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.2, CA4.3

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 33% 1ªaval + 33% 2ªaval + 33% 3ªaval

En caso de ausencia a unha proba ou tarefa avaliabile, ésta será realizada ao día seguinte que se teña clase. Se a ausencia foi prolongada e con xustificación médica chegarase a un acordo para realizar as probas non realizadas cun calendario específico e que non coincidan con outras probas doutras materias.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo, ben porque se suspenderon, ben porqu non se entregaron. De xeito xeral o alumnado que suspenda unha avaliación pode entregar calquera tarefa para subir nota. Só ten que avisar ao docente para que lle corrixa a actividade. Os exames na AV hai que facelos na clase.

A entrega das tarefas feitas de novo irá modificando e aumentando a nota de cada avaliación na AV. Esta será a nota que se empregue para calcular a nota final da materia. A nota de cada avaliación logo de ir entregando as tarefas e volvendo a facer as probas nunca será inferior a nota da avaliación calculada no trimestre correspondente.

Como a terceira avaliación coincide coa avaliación final. Non é posible dar o resultado da terceira avaliación e que haxa tempo de recuperar dita avaliación. Neste caso o relevante é aprobar a avaliación final sen importar a terceira avaliación que pode quedar suspensa e aprobarse a avaliación final.

Se o alumno/a non aproba entregando as tarefas poderá facer unha proba extraordinaria antes da avaliación fina. A proba será escrita e incidirá nos mínimos esixibles para aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso. Establécese un calendario de traballo da materia para que vaian entregando tarefas a través da Aula Virtual. Entregar todas as tarefas correctamente feitas implica ir aprobando as unidades correspondentes.
- Estas tarefas serán accesibles para o nivel do alumnado coa materia pendente e incidirán nos contidos mínimos.
- No caso de non entregar as tarefas, faranse tres probas escritas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Reforzo educativo
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X				X			
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X		X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X		X		X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X		X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero.				X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.		X		X		X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.		X	X	X		X	X	
ET.11 - Formación estética.		X		X		X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Formación estética.	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X

	UD 9
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración coas actividades celebradas polo centro: Magosto, Nadal	O Departamento colaborará na montaxe dos equipos necesarios			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.

Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	35
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	40

1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía, con moita cantidade de contidos e destrezas e con moitos contidos, habilidades e actividades a desenvolver, para ser conectados co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, moi rico nesta longa etapa en España e Galicia. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio.

O CPI de Bembibre é un centro localizado nun medio rural na periferia de Santiago, cun alumnado reducido e cunhas características bastante homoxéneas social, económica e culturalmente. O alumnado procede na súa inmensa maioría do propio concello de Val do Dubra e nalgúns casos do concello limítrofe de Trazo e A Baña.

O concello ten 108 km cadrados e a súa poboación é de 4.000 habitantes repartidos en 12 parroquias, sendo os dous núcleos principais Bembibre, onde se atopa a capital do concello e o centro, e Portomouro.

O nivel social e cultural das familias é de tipo medio ou medio baixo, ao tratarse dunha zona económica e socialmente non moi desenvolvida. A programación trata de dar resposta e de artellar a aplicación do currículo á realidade do alumnado do centro.

O CPI de Bembibre é un centro de ensino de infantil e primaria que dende hai anos acolle no mesmo recinto aos alumnos de ensinanza secundaria do Concello de Val do Dubra.

Este CPI acolle agora, xa que logo, a todos os alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O. do Concello evitando que os mesmos se teñan que desprazar ata Santiago para continuar cos seus estudos como se viña facendo en anos atrás.

O número de alumnos matriculados nos cursos de E.S.O. nos últimos anos está sobre os 100, neste curso 96, que se reparten nas aulas de 1º (1), 2º (1), 3º (2) e 4º (1) de ensinanza secundaria.

O centro de estudos conta asemade con aulas específicas para as materias de:

- tecnoloxía
- música
- educación plástica e visual
- informática
- pedagogía terapéutica
- ximnasio
- laboratorio
- biblioteca con acceso a contidos audiovisuais.

No exterior das aulas, existen zonas deportivas para que os alumnos fagan deporte ou xoguen nas horas de recreo así como un patio cuberto e unha zona de xardín para os máis cativos. As devanditas instalacións deportivas coas que conta o centro son

- dous campos de fútbol
- dous campos de voleibol (grande e minivolei)
- dous campos de baloncesto

A aula de informática conta con case 40 equipos que os alumnos poden usar sempre en compañía dalgún profesor do Centro. Todos os equipos informáticos contan con conexión a Internet e en todo o recinto hai conexión á Rede sen fíos a disposición dos usuarios que dispoñan de wifi.

Os alumnos do C.P.I. de Bembibre teñen xornada lectiva mixta, comezando as clases as 9.15 e rematando ás 14.50. Hai comedor escolar e tamén clases pola tarde, ata as 16:15 horas os luns e martes, en que remata o horario lectivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A tecnoloxía e o estudo xeográfico da terra	O estudo do efecto da cartografía na representación do planeta Terra	7	8	X		
2	O relevo terrestre e a súa influencia nas poboacións	Estudo do relevo terrestre, da súa formación, dos pregamentos e as fallas, os volcáns e terremotos e dos seus cambios e a súa relación coas actividades humanas	8	9	X		
3	O cambio climático	A atmosfera, a contaminación e o estudo das temperaturas, precipitacións, presión, vento e a distribución dos climas. O reto do cambio climático	8	9	X		
4	As augas do planeta	A importancia da auga e estudo das augas	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	As augas do planeta	mariñas, ríos e outras augas continentais	8	9	X		
5	As paisaxes da Terra	Estudo da paisaxe ecuatorial, tropical, desértica, oceánica, mediterránea, continental e as paisaxes frías	8	9		X	
6	O medio físico dos continentes	O relevo e augas de Europa, América, Asia, África, Oceanía e a Antártida	8	9		X	
7	Conservar o medio natural	A disposición do relevo, as costas, as augas, paisaxes e climas de España e Galicia	8	8		X	
8	A Prehistoria	O Paleolítico, Neolítico e Idades dos Metais. A prehistoria en España e Galicia	9	9		X	
9	As primeiras civilizacións	As civilizacións fluviais de Mesopotamia e Exipto, cos seus aspectos sociais, económicos, políticos, e culturais.	9	9			X
10	A civilización grega	As orixes, a Grecia arcaica, clásica e helenística. Economía, sociedade, crenzas, arte e cultura	9	9			X
11	A civilización romana	As orixes, a república e o imperio. A economía, restos monumentais, arte e crenzas.	9	9			X
12	Hispania e Galicia na antigüidade	Os pobos prerromanos e a conquista romana de Hispania. A cultura castrexa e a conquista e restos romanos de Galicia.	9	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A tecnoloxía e o estudo xeográfico da terra	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas	PE	60
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de facer algúns exercicios relacionados	TI	40
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar planos e mapas simples.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de expor a información básica contida nun mapa		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece varias accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	O relevo terrestre e a súa influencia nas poboacións	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Emprega terminoloxía xeográfica na descripción dos medios naturais	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos inductivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de facer algúns exercicios relacionados	TI	40
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Fai algún mapa simple		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de elaborar esquemas simples		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	O cambio climático	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais climas da Terra	PE	60
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe elaborar e identificar climogramas		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende algún dos riscos do cambio climático	TI	40
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora documentos sobre os climas e os efectos do cambio climático a partir de fontes		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas para paliar a emerxencia climática		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar planos e mapas simples		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece algunha das medidas implementadas polo Estado para paliar a emerxencia climática		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros		

Criteria de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas de alcance persoal para paliar a emerxencia climática		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración dun traballo con fontes de historia oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
4	As augas do planeta	9

Criteria de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Coñece as augas e as súas principais características e relación co medio natural	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Presenta esquemas dos diferentes tipos de augas		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea, española e galega		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente o concepto de bárbaro		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade antiga		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas

Contidos

- económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si sós.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deban actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras. Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas. Débese ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así coma os seus distintos intereses e motivacións. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

Os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa

Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

- Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes. Seguirase, polo tanto, unha metodoloxía activa que promova a ampla participación do alumno na clase, por exemplo mediante preguntas e cuestionamentos.
- Necesidade do traballo persoal do alumno, principalmente expresado na participación en clase. É imprescindible o traballo persoal diario do alumno na realización das tarefas asignadas para casa. Prestarase atención á corrección da lingua, tanto oral coma escrita. Farase fincapé na lectura comprensiva e na produción escrita.
- Os alumnos, a través de estratexias de aprendizaxe planificadas previamente, modificarán e reelaborarán os seus esquemas de coñecementos construíndo así a súa propia aprendizaxe. Propiciaranse as actividades que fomenten a reflexión persoal, a elaboración de conclusións e a comunicación.
- Garantirase a funcionalidade das aprendizaxes a través de:
Coñecementos útiles e axeitados á idade do alumnado e o desenvolvemento de habilidades e estratexias que propicien a creatividade e o razoamento lóxico (aprender a aprender).
Ademais, cando o progreso dun alumno non responde aos obxectivos programados ou os supere amplamente, o profesor e o departamento adoptarán as medidas axeitadas de reforzo e profundización educativas e, se é o caso, a adaptación ou diversificación curricular máis adecuada, de acordo co Departamento de Orientación.

Os contidos presentaranse cunha estrutura clara nas súas relacións. Nos dous primeiros cursos trataranse os temas cun enfoque máis interdisciplinario e descritivo. No 3º e 4º curso profundizarase en estruturas conceptuais máis elaboradas e en actividades intelectuais máis complexas, cun enfoque máis analítico e causal. Ademais, reforzaranse os aspectos máis prácticos e contemplarase o tratamento á diversidade.

Considerarase á avaliación como un punto de referencia e reflexión na actuación pedagóxica, xa que afecta a todos os elementos do currículo, e é fundamental no propio proceso, mesmo como instrumento de mellora do mesmo.

Tamén o alumnado terá participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe. A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

Aprendizaxe e estratexias didácticas

A metodoloxía será activa e motivadora, conectando cos intereses do alumnado. As estratexias de ensinanza-aprendizaxe constarán das seguintes fases:

1. Enquisa inicial que serve á vez para recoñecer os coñecementos previos sobre o tema e para motivar e introducir ao alumno no mesmo.
2. Exposición que, baseada en diversos soportes, se empregará para a presentación do tema, fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe. As explicacións dos conceptos fundamentais de cada unidade completaranse coa lectura e comentario dalgúns das lecturas incluídas no libro de texto, explicando as ideas fundamentais para facilitar a comprensión dos alumnos/as e o léxico para que amplíen o seu vocabulario. Revisaranse tamén os cadernos dos alumnos. Ademais, utilizaranse amplamente todo tipo de medios audiovisuais.
3. Estratexias didácticas de indagación, propias dos contidos procedimentais e de destrezas, na que o alumnado, a través de técnicas e actividades planificadas, debe formular hipóteses e solucionar problemas de xeito reflexivo e desta maneira adquirirá ou desenvolverá conceptos e actitudes de forma personalizada e consciente.
4. Por último, fase de comunicación, na que os alumnos expoñen as conclusións do aprendido e desenvolven tanto capacidades cognitivas como actitudinais.

Deste modo o proceso de memorización se realizará de forma comprensiva. .

Os pequenos proxectos de investigación, como estratexia de indagación, tamén poden resultar útiles e poden realizarse ao longo do curso. O ámbito de aplicación debe de ser o contorno, local ou comarcal, para que supoña un verdadeiro labor investigador recollendo datos de primeira man, que deben ser contrastados e elaborados. Son investigacións sinxelas con traballos prácticos dentro e fóra da aula e que conecten cos intereses do alumno, sobrepasando as actividades habituais puramente académicas.

Programaranse actividades diversificadas cos mesmos contidos das diferentes unidades didácticas, nas que se traballen máis os aspectos descritivos cos analíticos.

Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación, adaptándoas á aprendizaxe da Xeografía e Historia e aos procedementos específicos destas materias, para unha mellor comprensión do espazo e do tempo.

Con estas estratexias preténdese que a aprendizaxe non sexa só unha mera transmisión profesor-alumno, senón que se produza unha interrelación horizontal e participativa entre todos os membros que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para poder levar a cabo as estratexias didácticas formuladas a aula estará organizada de maneira flexible segundo as necesidades e actividades a realizar.

En xeral, entendemos o proceso de ensinanza-aprendizaxe como un proceso flexible e adaptado ás necesidades e competencias propias do alumnado.

Debe permitir o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo.

O profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Ed. Santillana. 1º ESO. Xeografía e Historia
Ordenadores e internet
Pizarra e pantalla dixital
Vídeos didácticos
Bibliografía xeral e específica dispoñible na Biblioteca do centro
Prensa
Libros dixitais e recursos dixitais (webs, blogs, imaxes, vídeos, mapas interactivos, documentais, películas....)
Apuntamentos e fichas do docente
Aula virtual do centro e da editorial
Caderno do alumno

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

Os recursos dixitais seleccionados e achegados polo profesor serán prioritarios, cun enfoque práctico, sinxelo, e fomentando o proceso de avaliación continua.

Será necesaria unha conexión a internet e algún dispositivo. En internet terán acceso á Aula virtual do centro.

Usarán basicamente os manuais.

Outros materiais e recursos serán facilitados polo profesor e consistirán en materiais propios elaborados por este, ou que materiais e recursos didácticos que haberá que buscar en internet, así como os do centro, tanto na biblioteca de aula como na biblioteca do centro.

Pode ser necesario o uso dun móbil.

Prestaráselle especial atención aos recursos dixitais, en especial á aula virtual, que se manterá como recurso de apoio.

Elabórese e facilitóuselle aos alumnos unhas normas de comportamento na aula virtual, así como se asegurou a súa conexión e se explicou o seu funcionamento. Tamén como redactar correos electrónicos e como enviar fotos de tarefas.

Asegurárase que todos os alumnos teñen acceso e medios para acceder á aula virtual e demais dispositivos móbiles.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensino e da práctica docente, e análise do propio Proxecto Curricular.

Avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
A avaliación concíbese e practica da seguinte maneira:

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, apreciando todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis, non só cognitivos, de desenvolvemento do alumno.
- Orientadora, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémplanse tres modalidades:

- Avaliación inicial. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

- Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

- Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, contémplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación que impliquen aos alumnos e alumnas.

Tamén se arbitrarán procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de ensino e da práctica docente mediante cuestionarios, autoavaliación dos resultados e intercambios orais cos alumnos e cos pais.

A avaliación inicial proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, facilitando unha primeira fonte de información sobre os seus coñecementos previos e as súas características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas propias de cada alumno e unha metodoloxía adecuada.

Ao principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para coñecer os coñecementos previos do alumnado e as súas competencias. Á hora de realizar a avaliación inicial hai que ter en conta previamente os contidos (conceptuais, procedimentais e destrezas) traballados polos alumnos en cursos anteriores.

O desenvolvemento desta avaliación debe ter as seguintes características:

1. Detección de coñecementos previos. Hai que ter en conta o nivel que é esperable que posúa o alumnado sobre a materia ao comezar o curso, as habilidades e destrezas que ten e que debería ter, e outros aspectos como o coñecemento do vocabulario e o nivel de comprensión de textos e outros propios de cada materia.

2. En canto ás características da avaliación inicial, debe intentarse conseguir unha idea de cal é a situación real do alumnado para propoñer actividades posteriores de acordo á súa situación. A avaliación inicial debe servir como pauta para iniciar o curso e para a elaboración da programación, así como para tomar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren necesarias para o alumnado. En esencia, a avaliación inicial debe servir como base para o inicio do proceso de ensinanza-- aprendizaxe.

3. Deben valorarse varios tipos de contidos (procedementos e destrezas, actitudes e conceptos).

4. Deben utilizarse diferentes técnicas que nos permitan coñecer a situación do grupo (expresión e comprensión oral e escrita, busca e selección de información, interpretación de textos e imaxes, comprensión da noción de tempo e espazo...).

5. En canto ao lugar de realización, a aula debería de contar cos materiais axeitados, se é o caso de que se permitan, que faciliten a consulta da información por parte dos alumnos (libros de texto de cursos anteriores, dicionarios, enciclopedias, un ordenador con acceso a Internet...). A biblioteca do centro tamén podería ser un lugar axeitado

para realizar esta avaliación.

6. En canto á metodoloxía, é necesario que as actividades propostas nesta avaliación inicial se fagan individualmente porque así o profesor terá información concreta de cada alumno.

Porén, unha vez corrixidas as actividades, sería interesante facer unha posta en común na clase para poder observar as diferentes habilidades e actitudes do alumnado en clase: expresión oral, participación en clase, dificultades individuais, etc.

Na etapa da ESO tamén se desenvolverá a principio de curso, durante o mes de setembro, reunións de todo o profesorado cos titores dos diversos cursos durante o ano académico anterior e mais a orientadora e a profesora de apoio para levar a cabo unha avaliación inicial dos alumnos deste curso, especialmente daqueles que chegan novos ao centro durante este curso.

Por tanto, ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Esa proba que vai ser tanto escrita como oral.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	8	8	8	8	8	9	9	9
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	63	60	60
Táboa de indicadores	37	40	40

Criterios de cualificación:

Os alumnos serán informados ao inicio do curso destes criterios de cualificación, que serán recordados ao longo do curso.

A nota final que cada alumno recibirá nas materias basearase na asimilación dos contidos, nos instrumentos e criterios de avaliación mínimos e nas competencias básicas propias da materia, e seguindo as directrices recollidas na normativa educativa e nos documentos do centro.

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de

avaliación. As probas escritas teñen un 60% e as táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10.

Consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato que, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test, de relacionar conceptos, de identificar e comentar imaxes, gráficos ou textos, de definir termos, etc.

Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá segundo uns criterios obxectivos. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada apartado. A cualificación menor de 5 supón que o alumno non acadou os mínimos esixidos.

Levábanse a cabo cando menos dúas probas específicas por cada trimestre para avaliar a asimilación dos contidos por parte dos alumnos.

Os alumnos serán informados de cando e como se levará a cabo, así como da valoración das probas.

A falta de asistencia a unha proba deberá ser xustificada debidamente, principalmente mediante documentación oficial. Se non é así, a súa non realización suporá a non superación dese exame.

Copiar nunha proba supón a retirada do exame e a súa cualificación coa nota de 1-insuficiente.

Tamén se empregarán táboas de indicadores para aqueles criterios de avaliación e contidos sinalados na programación.

Poden consistir en diversas tarefas, basicamente en exercicios dos manuais, traballos escritos, presentacións, preguntas orais, traballos individuais e grupais, prácticas, comentarios de textos, imaxes, gráficos e mapas, e calquera outra tarefa similar que se leve a cabo ao longo do curso.

A maioría estarán recollidas no caderno da clase, ao que se lle prestará especial atención e seguimento, tanto no que respecta á súa realización como a presentación, orde e claridade. Os alumnos recibirán instrucións específicas de como ordenar o caderno e como levar a cabo as distintas tarefas encomendadas. Os cadernos serán revisados de forma regular e os alumnos serán informados da súa valoración. Tamén serán informados da valoración das tarefas encomendadas e especificadas nas táboas de indicadores.

As cualificacións das táboas de indicadores estarán expresadas en puntuacións de 1 a 10.

A nota da avaliación será o resultado de acadar a media das notas das probas (60 %) e das táboas de indicadores (40%).

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

Para a cualificación final do curso obterase a media aritmética das tres avaliacións, que teñen o mesmo peso, así como das recuperacións levadas a cabo, que computarán do mesmo modo que as outras cualificacións.

Tamén se valorará e se incentivará, aínda que non compute na nota, a participación, o hábito de traballo, a orde, o interese mostrado e o esforzo de superación, a actitude positiva respecto do traballo e a materia, e tendo en conta o coidado do material e a entrega puntual de tarefas.

Levaranse a cabo medidas de reforzo para os alumnos con necesidades educativas especiais cunha maior flexibilidade no que respecta aos contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, temporalización, criterios de corrección, etc, e baseándose nos mínimos de consecución establecidos na programación.

Con respecto ao alumno con problemas de audición, aplicarase o protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe algunha avaliación levarase a cabo un plan de recuperación.

En relación ás tarefas especificadas nas táboas de indicadores se lle encomendarán novas tarefas seleccionadas das encomendadas a longo da avaliación non superada, que deberán ser entregadas no prazo indicado e serán puntuadas de 1 a 10. Basearanse nos mínimos de consecución establecidos na programación. Haberá que sacar un 5 en total para superar esta parte.

Todo o traballo será supervisado polo docente, realizando as aclaracións e correccións pertinentes.

Tamén se fixará unha proba de recuperación da avaliación non superada ao inicio da seguinte avaliación, e que serán seleccionadas das probas levadas a cabo no anterior trimestre, e nos mínimos de consecución, na que as preguntas propostas se cualificarán de 1 a 10 (especificando o seu valor).

A valoración será tamén de 60% proba escrita e 40% táboas de indicadores. Para superar a recuperación a nota resultante debe ser igual ou superior a 5.

Cando un alumno perda o dereito á avaliación continua polas faltas de asistencia, realizarase unha proba no mes de Xuño, en datas que fixará a Xefatura de estudos, baseándose nos mínimos esixibles. En caso de que algún alumno non asista a clase por motivos médicos debidamente xustificados, terá que incorporarse ao centro e asistir as clases para poder ser avaliado/a, salvo indicación da inspección.

Ao final de curso, os que non aprobe a materia porque o resultado final do curso non chega a un 5 de media entre as tres avaliacións e as posibles recuperacións, os alumnos levarán a cabo tarefas de recuperación sobre os mínimos de consecución dos criterios da avaliación recollidos na programación. Deberán ser entregadas e serán corrixis polo docente, que informará da súa valoración e dará a oportunidade de corrixis naqueles aspectos non superados.

Baseándose nesas tarefas realizarase unha proba de avaliación extraordinaria final cos mínimos de consecución dos criterios de avaliación de todo o curso, seleccionados das probas levadas a cabo nas recuperacións ao longo do curso académico.

A proba puntuará sobre 10 (especificando o seu valor). En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

A valoración será tamén de 60% na proba escrita e 40% na táboa de indicadores das

tarefas encomendadas. Se o resultado é igual ou superior a 5 a materia quedará aprobada. En caso contrario, a materia quedaría pendente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Durante o curso os alumnos coa materia pendente levarán a cabo actividades dirixidas trimestralmente para a recuperación da materia baseadas nos obxectivos, criterios de avaliación e contidos mínimos establecidos para cada materia e curso.

Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas.

Serán mandados traballos trimestrais entregando boletíns de exercicios, que teñen que ser devoltos feitos e serán corrixidos polo profesor. Se se aproban os traballos, non se realizará proba escrita.

Os alumnos tamén poderán optar pola realización de exames, tamén baseados nos obxectivos, criterios de avaliación e mínimos establecidos para cada materia e curso. Os que non superen algún destes exames poderá realizar un exame de recuperación a final de curso, no mes de maio. A aprobación dos exames parciais counha nota de 5 ou superior exime da realización do exame final. A aprobación deste exame ou a superación das actividades encomendadas implicará a aprobación da materia.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51^º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos obxectivos principais do ensino é ofrecer unha aproximación á propia realidade dos alumnos, ao seu medio e ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. A atención á diversidade considérase en tres niveis ou planos: na programación, na metodoloxía e nos materiais.

-Atención á diversidade na programación. Os alumnos non teñen un nivel de coñecementos homoxéneo. Nuns casos hai diferencias moi marcadas no nivel lingüístico dos alumnos, o que provoca grandes diferencias á hora de entender os conceptos. Noutros casos sucede algo similar co nivel matemático, o que influirá na comprensión e lectura do material cartográfico e estatístico. A programación debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao final do ciclo, e permita á vez que os alumnos máis avantaxados poidan ampliar os seus coñecementos. Preséntanse contidos con información básica para desenvolver as ideas principais e xerais do tema, que todo alumno ou alumna debería coñecer ao finalizar a etapa. Ademais, ofrécense contidos de ampliación e profundización.

-Atención á diversidade na metodoloxía. As actividades de cada unidade tamén reflicten esta diversidade. Unha serie de actividades serven para fixar os conceptos básicos e corrixir os contidos mal aprendidos. Outras actividades exercitan as competencias e intégranas cos coñecementos anteriores, e permiten unha avaliación a distintos niveis.

-Atención á diversidade nos materiais utilizados. A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha grande importancia á hora de atender as diferencias individuais no conxunto dos alumnos e alumnas. Como material esencial debe considerarse o libro base. O uso de materiais de reforzo ou ampliación, tales coma os cadernos ou fichas, permite atender a diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar.

Por conseguinte, estableceremos unha serie de obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais dos alumnos, e seleccionaremos os materiais curriculares complementarios que nos axuden a alcanzar eses obxectivos. O profesor conta cunha guía didáctica que inclúe material de diverso tipo e contido, para que o profesor poida elixir a súa propia proposta e poida axustar a clase ás capacidades e intereses dos seus alumnos, tanto en grupo como individualmente. Para o alumnado que presente necesidades educativas especiais, que non requiran ningunha medida organizativa nin curricular, deseñaremos un plan de actuación baseado nas seguintes catro liñas:

-Coñecemento dos alumnos, para detectar o alumnado que teña algún tipo de dificultade.

-Selección das actividades de reforzo segundo as necesidades individuais do alumnado. Seleccionaranse tamén

actividades de ampliación para alumnado de altas capacidades.

-Atención especial para aqueles alumnos que non sexan quen de seguir o ritmo normal da clase. Este alumnado fará exercicios adaptados ao seu nivel de aprendizaxe, axudado polo profesor ou se fose o caso por un profesor de apoio.

-Agrupación dos alumnos, de tal modo que o alumnado que teña dificultades con algún contido poida ser axudado por compañeiros, favorecendo a integración deste alumnado.

En caso de haber alumnos diagnosticados con TDAH se lles aplicarán as medidas propostas no Protocolo sobre TDAH editado en 2014 pola Xunta de Galicia, en especial as contempladas no apartado 8.1.2.

Hai algúns alumnos con medidas de reforzo en 1º e 2º da ESO, aos que lles aplicarán medidas de reforzo.

En resumo, plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade								X
ET.4 - Emprendemento							X	
ET.5 - Comprensión lectora								X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz								X
ET.8 - Educación para o consumidor							X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Paisaxe e sustentabilidade	Plan Proxecta	X	X	X
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X		
Excursións de interese didáctico	complementaria	X		
Roteiros didácticos	complementaria			X
Proxección de cine	complementaria			X
Charlas	complementaria		X	

Observacións:

En xeral, as actividades didácticas programadas fóra da aula estarán relacionadas co currículo que se estará impartindo no curso no cal se leven a cabo.

Cada actividade constará de tres sesións:

- Sesión previa de preparación na aula, onde se indicarán os obxectivos, contidos e procedementos a seguir.
- Desenvolvemento da actividade fóra da aula, que constará á súa vez cunha parte expositiva do que se está a ver e outra parte de indagación polos alumnos, resolvendo cuestións nun cuestionario preparado para cada actividade.
- Mesa redonda ou posta en común noutra sesión posterior na aula para a súa corrección e avaliación.

En principio este curso o Departamento vai solicitar o programa Paisaxe e Sostibilidade dentro do Plan Proxecta. Tamén está previsto realizar unha saída, cando menos, cos alumnos en relación con este plan, se é posible. Así mesmo colaborárase co centro na realización daquelas actividades que se celebran de modo regular ao longo do curso (Camiño de Santiago, Samaín, Entroido...).

En resumo, todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Valoración xeral da materia
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Resolve dúbidas
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. Usaremos unha ficha con enquisas e rúbricas na que se recollan os aspectos avaliábeis da actividade docente e, en primeiro lugar, o propio profesor e, a final de curso, o grupo de alumnos/as da materia, farán unha reflexión conxunta e unha enquisa acerca do labor docente.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación), sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do presente curso o Departamento traballará no desenvolvemento dos instrumentos apropiados para realizar a avaliación da práctica docente, os resultados e a aplicación da programación.

MOMENTO NO QUE SE VAI REALIZAR A REVISIÓN

A programación será avaliada mensualmente nas reunións de departamento nas que se fará un seguimento do desenvolvemento e cumprimento das diversas partes de que consta esta, en especial o cumprimento dos obxectivos, a temporalización dos contidos e da consecución das competencias básicas. Na reunión final de curso farase unha revisión final que se incluírá na memoria de departamento.

CONTIDOS DA VALORACIÓN DOS GRUPOS E RESULTADOS

Farase unha revisión precisa dos grupos que presenten malos resultados académicos. Analizaranse as causas e elaboraranse propostas de mellora.

Revisarase o axuste da secuenciación dos contidos cos impartidos en cada período.

VALORACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Valorarase especialmente:

A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.

As aprendizaxes logradas polo alumnado.

As medidas de individualización na ensinanza, con especial atención ás medidas de apoio e reforzo empregadas.

A programación e o seu desenvolvemento, en particular as estratexias de ensino, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.

As relacións cos titores e coas familias.

En resumo, o profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados